



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EPAPU RÍO LÉREZ
Avda. Buenos Aires, 26 C.P. 36002 - Pontevedra
Teléfono 986-86.15.86 - Fax-986-85.31.69
www.epapontevedra.com

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2019-2020

1.- INTRODUCCIÓN.

A orientación, tal e como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenrola dito Decreto, enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata o finaliza-las ensinanzas non universitarias.

A programación do Departamento ven fundamentada, ademais nos seguintes textos legais:

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **Orde do 20 de marzo de 2018** polo que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso 2016/2017, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012 polo que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de 20 anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Circular 4/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2019/2020.
- **Circular 5/2019** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas, no curso 2019/2020.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG do 30/01/2003).

Teremos en conta tamén a **circular 10/2010** da dirección xeral de educación , formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia, que continua en vigor.

O Departamento situará a súa principal liña de actuación na **“intervención psicopedagóxica”**, para o servizo de toda a comunidade educativa, pretendendo acadar unha educación personalizada e integral.

A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo, de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. Oferta Educativa:

O EPAPU Río Lárez, ten a seguinte oferta educativa para o curso 2019/2020:

- EBI, nivel 1: coñecementos necesarios para adquirir as destrezas de lecto-escritura, razoamento matemático e cálculo.
- EBI, nivel 2: Consolidación de habilidades instrumentais e á preparación para o acceso aos estudos de educación secundaria para persoas adultas.
- Educación Secundaria Presencial
- Educación Secundaria Semipresencial
- Bacharelato 1º LOMCE Semipresencial, nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais, quenda de mañá e tarde.
- Bacharelato 2º LOMCE Semipresencial, nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais, quenda de mañá e tarde.
- Lingua Española e Galega para inmigrantes.
- Iniciación de Galego, primeiro cuadrimestre.
- Perfeccionamento de Galego, segundo cuadrimestre.
- Iniciación de Francés, quenda de tarde.
- Iniciación de Inglés, quenda de tarde.
- Perfeccionamento de Inglés, quenda de tarde.
- Iniciación á Informática, quenda de mañá e tarde.
- Perfeccionamento de Informática, quenda de mañá e tarde.
- Curso preparación para a proba de acceso á Ciclos Formativos de Grao Superior.
- Aula Mentor: www.mentor.mecd.es

- EBI, nivel 1: Alfabetización

Neste nivel é necesario avaliar primeiramente as aprendizaxes previas e o nivel de competencia que presentan os alumnos. Estes pasan unha entrevista co DO onde se recolle a súa casuística persoal e académica, a súa madurez persoal, as aprendizaxes formais e non formais adquiridas, os seus intereses e necesidades. O proceso de adscrición durante este curso realizarase, no mes de setembro, os días 18, 19 e 20 e no mes de xaneiro de 2020, os días 22,23 e 24.

Os alumnos teñen que iniciarse e ir avanzando no dominio das técnicas instrumentais.

Os profesores recibirán orientación para os alumnos que presentan casuísticas persoais especiais, dificultades de aprendizaxe, discapacidade e outras dificultades.

O obxectivo principal é atender cada casuística para motivar e avanzar no dominio das aprendizaxes básicas.

- EBI, nivel 2: Consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais.

Neste Nivel II será importante, como se afirma no seu título, que o alumno avance nos coñecementos xerais e técnicas instrumentais, (lectura, comprensión lectora, cálculo, razoamento matemático), pero tamén nas súas competencias sociais que lle permitan seguir con éxito no seu proceso de aprendizaxe.

Apoio aos profesores e titores na súa labor de axuda a alumnos con dificultades na lectura e escritura, (aportación de materiais).

Afianzamento de hábitos de estudio e organización do traballo que favorezan a maior autonomía dos alumnos.

Impulsar o reforzo positivo nos logros acadados e no traballo realizado.

Colaborar co profesorado para favorecer a aprendizaxe autónoma.

Orientar, de xeito individual ou grupal, favorecendo destrezas e habilidades que favorezan o desenvolvemento persoal, laboral e social.

Estes alumnos/as incorporaranse ao Nivel II despois de realizar a proba de avaliación inicial ou adscrición, nas datas anteriormente descritas.

- ESA Presencial

Neste nivel os obxectivos e competencias serán equivalentes aos dos alumnos que estudan ESO no ensino ordinario.

Terase en conta a historia de fracaso escolar do alumno, así como, os ámbitos nos que presente maior dificultade para poder solucionarlas pouco a pouco.

Proporcionarase información ao profesor-titor e o resto do equipo docente, daqueles datos que se consideren importantes para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Orientación aos profesores para que a súa vez eles poidan apoiar aos alumnos naqueles ámbitos nos que se atopan dificultades de aprendizaxe.

Apoio aos alumnos en comprensión lectora e expresión escrita.

Apoio aos alumno nas técnicas de estudio e na autoaprendizaxe.

Orientación profesional e vocacional para os alumnos que terminan a ESA e queren seguir estudos en Ciclos formativos de FP, bacharelatos ou outras ensinanzas.

Orientación laboral para os alumnos que rematan as ensinanzas de secundaria e queren introducirse no mundo laboral ou mellorar as súas condicións laborais actuais.

- ESA Semipresencial

Para os alumnos a distancia, ademais dos puntos anteriores, podemos añadir estes outros:

Información e apoio para alumnos que, polas características metodolóxicas da enseñanza semipresencial, atopan máis dificultades no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Apoio aos profesores na súa función, dentro da modalidade semipresencial.

- BACHARELATO

Cos alumnos de Bacharelato, o mesmo que os do ensino presencial, centrarémonos fundamentalmente na orientación profesional e vocacional: asesoramento cara ciclos superiores de FP ou a Universidade, como cara o mundo laboral.

Non podemos esquecer que a maioría do alumnado de bacharelato arrastra dificultades de aprendizaxe, polo que é importante centrarse sobre todo en informar sobre estratexias e hábitos de estudo, organización temporal das materias, organización do traballo persoal...

- Lingua Española e Galega para inmigrantes

Este curso, trata de promover, iniciar e avanzar, no alumnado matriculado, na lingua española e galega.

É necesario avaliar o nivel de competencial que teñen, moitas veces dominan a lingua nativa perfectamente, tanto a nivel oral coma escrito, outras veces teñen graves problemas de alfabetización na súa propia lingua, o que dificulta o tratamento na lingua española e galega.

Deben iniciarse no español e tratar de avanzar o mais rápido posible.

É importante que aumenten o dominio da lingua nos niveis oral e escrito para que poidan integrarse rápido socialmente e poidan seguir o estudo das outras materias.

Hai que apoiar os alumnos mediante a lectura e a escritura e tamén mediante a inmersión lingüística.

- Iniciación de Francés e Inglés

Nestes tempos a competencia en linguas estranxeiras é moi necesaria, mais necesaria cada día. Hai que ver tamén o dominio que o alumno ten da súa lingua nativa e do español, porque o progreso noutras linguas depende moito do dominio que se ten da lingua propia.

- Perfeccionamento de Inglés

O Inglés é hoxe a lingua mais demandada, e no grupo de perfeccionamento tentarase de apoiar os alumnos para alcanzar uns mellores niveis tanto no oral como no escrito. Neste nivel debe usarse xa como lingua de traballo, na medida do posible, a propia lingua estranxeira.

- Perfeccionamento de Informática

Acadar a competencia dixital é fundamental nos nosos días. O mesmo que no caso das linguas, é moi importante que os alumnos acaden unha competencia dixital que lles permita manexarse con plena soltura na vida diaria.

- Aula Mentor

Esta é unha aula de ensino a distancia do Ministerio de Educación. Os profesores do Centro EPA administran a aula que imparte estes cursos a distancia.

2.2.COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO:

A Orde do 24 de xullo de 1998 establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto 120/1998.

- **Xefa do departamento de orientación:** Begoña Iglesias Raposeiras.
- **Titora ámbito de comunicación:** Xosé Antón Corderí Rodríguez.
- **Titora do ámbito científico-tecnolóxico:** Margarita Silva Gómez.

3.HORARIO DE ATENCIÓN.

HORA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:45	OR	OR		OR	OR
10:45-11:30	OR	OR		OR	OR

11:30 12:15	OR	GARDA		OR	OR
12:15 13:00				XD	XD
13:00 13:45				CE	
18:15 19:00	GARDA		OR		
19:00 19:45	OR		OR		
19:45 20:30	OR		OR		
20:30 21:15	XD		OR		

4.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Así, para este curso académico debemos centrarnos en:

- Elaborar e coordinar o **Plan de Acción Titorial**, que debe ser acorde coas demandas e necesidades dos nosos alumnos.
- Dinamizar ó máximo posible o Departamento a través do Plan de Orientación Académica e Profesional.
- Asesorar e orientar de cara as posibles saídas cara o mundo laboral.

Tendo en conta a, **Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia,**

Os departamentos de orientación dos centros públicos integrados, dos centros públicos de educación secundaria e dos centros de promoción de adultos deberán prestar especial atención as seguintes actuacións:

1.Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais

Orientar as persoas demandantes de información sobre o procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.

Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.

Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.

Informar ó profesorado, ó alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.

Asesorar sobre a importancia da formación ó longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.

Orientar e asesorar para a consecución do Nivel 1 de competencias profesionais conducentes a un Certificado de Profesionalidade do alumnado.

Proposta de actividades que contribúan á recualificación profesional ou á incorporación ao mercado laboral das persoas adultas.

Asesoramento sobre as diferentes modalidades de formación para persoas adultas.

Facilitar a adecuación do itinerario formativo de cada alumno no bacharelato, en función das posibilidades de escolarización do mesmo e da vinculación con estudos posteriores.

Colaborar na información ao alumnado que perda o dereito a avaliación continua da posibilidade de trasladar a matrícula para cursar o bacharelato a distancia.

Promover medidas tendentes á diminución do absentismo e do abandono dos estudos.

2.Relacionadas coa atención á diversidade

Asesorar ao conxunto da comunidade educativa sobre os ditames de escolarización requiridos para a admisión a ensinanzas de formación profesional para solicitantes con minusvalía recoñecida.

Informar sobre a bolsa de axudas, convocadas polo Ministerio de Educación, para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Información sobre a adaptación das ABAU para alumnado con n.e.a.e.

Colaborar no axuste das programacións ás n.e.a.e.

Participar en programas e campañas promovidas pola Consellería de Educación e polas universidades e organismos ou asociacións que teñen como finalidade aspectos educativos ou de atención ás necesidades educativas especiais.

Establecer relacións cos profesionais externos ao centro que incidan no proceso educativo e rehabilitador dos alumnos.

Aportar recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais baixados da rede ou experiencias de outros centros.

3.Relacionadas coa Acción Titorial.

Propor e elaborar o plan de acción titorial, (PAT), que será aprobado por claustro, recollendo as aportacións das titorías dos distintos módulos da ESA presencial.

Facilitar os recursos de apoio necesarios para a realización das actividades programadas para as titorías.

Participar no seguimento e avaliación do PAT e elevar ao equipo directivo unha memoria sobre o seu funcionamento ao remate do curso.

Colaborar cos titores na elaboración da programación de titoría.

Coordinar a intervención de axentes externos que participen nas actividades de orientación do Centro.

Aplicación, se procede, de probas colectivas ou individuais de carácter psicopedagóxico.

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<i>Constitución do Departamento de Orientación.</i>	<i>Setembro</i>
<i>Elaboración do Plan anual de Orientación</i>	<i>Outubro</i>
<i>Elaboración do Plan de acción titorial</i>	<i>Setembro-outubro</i>
<i>Intervir a través da avaliación psicopedagóxica co alumnado do Centro</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Revisión das diferentes medidas de atención á diversidade levadas a cabo cursos pasados.</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Elaborar novas medidas de atención á diversidade para o presente curso.</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Elaborar os informes que sexan necesarios</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Atención individual ó alumnado para a súa mellora no proceso de ensino-aprendizaxe</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Axudar na coordinación dos reforzos educativos</i>	SEGUNDO CUADRIMESTRE
<i>Orientación académica, profesional e laboral</i>	<i>Todo o curso</i>
<i>Coordinación titorial</i>	<i>Todo o curso</i>

5. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2018-2019.

- Detección de necesidades educativas, realización e seguimento das propostas de intervención.

- Realización de propostas dos distintos documentos organizativos a través da CCP.
- Asesoramento na planificación e desenvolvemento de medidas organizativas e curriculares.
- Elaboración do PAT e POAP: coordinación da acción tutorial do profesorado.
- Potenciar a orientación, a nivel de alumnado e de familias.
- Contribuír á integración do alumnado no centro.
- Fomentar a cooperación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Promover unha educación integral e individualizada do alumnado, que contribúa á mellora da calidade da ensinanza.
- Apoiar e colaborar co profesorado na organización, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade, recollidas no PAD, para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- Colaborar co centro educativo no desenvolvemento do Proxecto Educativo e dos Proxectos Curriculares.
- Orientar e facilitar a toma de decisións organizativas, curriculares, metodolóxicas e de avaliación que permitan unha mellor atención á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.
- Participar na planificación, coordinación e desenvolvemento de actuacións preventivas e de atención ante as dificultades de aprendizaxe e/ou problemas de tipo persoal, social e/ou familiar que poidan presentar os alumnos/as.
- Contribuír á mellora da convivencia entre todos os integrantes da comunidade educativa (profesores/as, alumnos/as e familias).
- Asesorar ó profesorado na posta en marcha de medidas de diversidade.
- Facilitar a transición entre as diferentes etapas educativas.

6. PLAN DE TRABAJO DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2019-2020:

a) Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

Atendendo á normativa vixente, e en función da propia dinámica de traballo no centro, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- Asesorar ó profesorado e ós órganos de coordinación docente na actualización, desenvolvemento e seguimento do Proxecto Educativo e os proxectos curriculares, especialmente do Plan de Atención a la Diversidade.
- Participar, a través dos órganos de coordinación docente, no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Colaborar co profesorado no seguimento e avaliación do alumnado, co fin de levar a cabo una detección temperá das dificultades de aprendizaxe que poidan ter determinados alumnos e asegurar o axuste da resposta educativa as súas necesidades.
- Asesorar e colaborar co profesorado na adopción e posta en práctica de medidas de atención á diversidade para alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.
- Favorecer a toma de conciencia por parte de toda a comunidade educativa de que a atención á diversidade é unha cuestión que afecta ó centro e que será máis efectiva na medida que se implique ó conxunto do profesorado.
- Asesoramento no proceso de adscrición e seguimento do alumnado nos distintos niveis.
- Facilitar o coñecemento do funcionamento do Centro e a ensinanza de adultos.
- Detectar deficiencias no emprego das técnicas de traballo intelectual e sensibilizar ao alumnado da importancia do uso de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Colaboración no deseño da programación de ámbitos.

b) Apoio á orientación académico-profesional

O Plan de Orientación Académica Profesional é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para facilitar a toma de decisións de cada alumno respecto ao seu itinerario académico e profesional.

A orientación académica e profesional non ten a finalidade de dirixir ós alumnos nas súas decisións se non que está concibida cun carácter marcadamente educativo, como un proceso de desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio alumno quen tome as súas propias decisións de xeito libre e responsable.

- Favorecer no alumnado unha progresiva autonomía no proceso de toma de decisións, especialmente en relación co ámbito académico-profesional, incidindo na importancia de dispoñer de toda a información necesaria e saber valorala como paso previo a unha decisión.
- Facilitar o autocoñecemento do alumno, das súas características persoais, das habilidades e aptitudes que ten.

- Proporcionar información sobre o sistema educativo e o entorno laboral, co fin de coñecer as distintas alternativas que se lle ofrecen.
- Fomentar o desenvolvemento daquelas destrezas básicas que lles faciliten a súa incorporación ó mundo laboral (capacidade para expresarse con corrección, estratexias de planificación, de organización da tarefa, etc.) e a súa adaptación a entornas laborais diversas.
- Contribuír a unha toma de conciencia e a desenvolver unha postura crítica ante hábitos sociais discriminatorios por razón de sexo, que condicionan o acceso a determinados estudos ou profesións.
- Sistematizar toda a información referida ó proceso educativo e de desenvolvemento persoal de cada alumno, co fin de axudarlles nas sucesivas decisións.
- Axudar aos alumnos a elaborar estratexias efectivas de decisión.
- Proposta de oferta para a configuración de determinados niveis de ESA e bacharelato.
- Preparación e/ou adquisición de materiais actualizados para o desenvolvemento do POAP

c) Apoio á acción titorial

Co fin de apoiar ós titores nestas actuacións e reforzar a orientación académica e profesional, o Departamento de Orientación desenvolverá as seguintes actuacións:

- Proporcionar ós titores toda a documentación e recursos dispoñibles para que estes poidan realizar a orientación dos seus alumnos nas sesións de titoría, (ESA presencial).
- Organizar reunións informativas para os alumnos de cursos que requiran, ao final dos mesmos, tomar decisións de importancia de cara á configuración do itinerario formativo persoal.
- Nas horas de atención a alumnos informarase e asesorarase, de forma individual, a todos os que así o soliciten.
- Establecer contacto con cantos centros e organismos poidan remitirnos información sobre estudos, becas, saídas tanto académicas como profesionais, etc., así como habilitar os medios materiais e organizativos para que esta información poida chegar aos alumnos que o requiran.
- Elaboración do PAT: programación por niveis (en ESA) e de carácter xeral (bacharelato).
- Reunións de asesoramento a titorías.
- Orientacións para a realización da avaliación inicial.
- Elaboración de documentación para a captación de intereses académico-profesionais do alumnado.
- Realización de propostas para a CCP e asesoramento a departamentos, equipo directivo e equipos educativos.
- Recollida de datos do alumnado que podan ser de interese para a súa adecuación a aula e ao centro.

d) Apoio á convivencia

- Programación de actividades específicas sobre temas transversais.
- Plan de acollida.
- Dar a coñecer o funcionamento do Centro es as súas normas.
- Definir e manter unhas normas claras de convivencia e funcionamento interno do grupo, que sexan asumidas por todos.
- Velar polo mantemento de relacións de respecto evitando actitudes discriminatorias.
- Programación das reunión: centro-alumnado/familias (principios de curso)
- Revisión de material e programas.

7. RECURSOS DISPOÑIBLES.

Para o diagnóstico e orientación utilizaranse as probas individuais e colectivas, é dicir, entrevistas e tests psicopedagóxicos.

Para a orientación vocacional e técnicas de estudio, poderanse utilizar cuestionarios de intereses e probas colectivas e tamén información por grupos. Pero haberá que ter en conta ademais as entrevistas persoais, necesarias en certos casos.

No apoio ós profesores tutores é importante a información sobre métodos e material para a acción tutorial, é dicir, da maneira de coñecer mellor as capacidades, problemas e necesidades dos alumnos, de afondar no coñecemento de cuestións concretas da vida do alumno e de como axudarlles a mellorar o seu rendemento e a súa integración.

A entrevista será unha técnica importante cando haxa que intervir ca familia ou para tratar con alumnos con determinados problemas persoais ou de comportamento.

Divulgación de información a través da páxina web do centro , dentro de departamento de orientación e do seu blogue.

Presentacións con soporte informático destinada ao alumnado e as súas familias.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Existirá un “feed-back” constante no que iremos detectando e corrixindo todos os erros, os imprevistos que vaian xurdindo en cada momento, así como, introducindo novas actuacións que nos parezan interesantes incluílas no programa.

O Plan Anual do Departamento de Orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

- Valorar en que medida imos acadando os obxectivos propostos.
- Obter máis e mellor información sobre as características do contexto socioeducativo no que se sitúan os nosos alumnos e alumnas.
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica, aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir ou adaptar ditos deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.

A avaliación será principalmente interna, levada a cabo polos propios membros do Departamento . Terá un carácter permanente.

O DO recollerá as aportacións dos implicados para elaborar a memoria que sobre o desenvolvemento do Plan debe realizar o finalizar o curso. Nesta memoria analizaranse e valoraranse as actuacións levadas a cabo e se proporán melloras de cara a cursos posteriores.

- Procedencia de datos:

Para a avaliación do Plan vamos a utiliza-los datos subministrados por:

- As persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento: membros do Departamento, titores e profesores.
- Os destinatarios: alumnos, profesores e pais.

- Instrumentos para a recollida de datos:

- Test psicopedagóxicos.
- Cuestionarios.
- Entrevistas.
- Intercambios orais.
- Informes individualizados.
- Rexistros de datos sobre o número de demandas e consultas formuladas ao DO.
- Rexistro de datos sobre o uso dos materiais e recursos bibliográficos do DO.

- Indicadores:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais dos destinatarios.
- O nivel de acordos suxeridos e o grao de consenso acadado.
- Número e nivel de acollida das actividades planificadas polo Departamento.
- Nivel de colaboración rexistrada en pais, profesores e alumnos.
- Adecuación das actividades ás necesidades dos grupos e o grao de desenvolvemento das mesmas.
- Adecuación dos obxectivos, contidos e actividades programadas coas esixencias reais dos alumnos.
- Valoración das dificultades que atopen nos programas elaborados e nas secuencias establecidas para adaptalas ás necesidades.
- O grao de coordinación acadado cos profesores tanto no desenvolvemento dos programas como na avaliación dos alumnos.

O Plan Anual de Actividades avaliarase e quedará plasmado, ó remata-lo curso na Memoria final do departamento, onde se reflexarán os logros e dificultades atopadas, así como, os aspectos que incidan positiva ou negativamente no desenvolvemento do mesmo.

Pontevedra a, 23 de outubro de 2019.

Xefa do Departamento de Orientación.

Begoña Iglesias Raposeiras.

